



Día da Clase Obreira Galega

Antón Pérez Vázquez¹

1.- Por que este documento

Camiñando na unión de Fe e Galeguidade, na última asemblea dos militantes da IOAC-HOAC de Galicia xurdiu a idea de elaborar un documento que nos lembrese a todos o que se conmemora o 10 de Marzo, Día da Clase Obreira Galega.

É necesario este recordatorio porque hai que facer memoria. Ademais debe ser memoria agradecida por todo o que houbo de humanización neste dramático episodio da historia obreira de Galicia. Deus actuou a través de todas esas persoas que loitaron por un mundo máis xusto, máis digno, máis humano, sufrindo persecucións, agresións e incluso a morte. Ademais de sentir gratitude, para os cristiáns a memoria agradecida está enraizada na memoria presente da paixón de Xesucristo, que se identifica con todos os crucificados da historia.

2.- Contexto

Nos anos sesenta o panorama internacional estaba definido pola alienación dos estados nos bloques capitalista e comunista e, nese contexto, o réxime franquista contaba co apoio das potencias occidentais, lideradas por Estados Unidos.

1 Antón Pérez Vázquez é militante da IOAC-HOAC de Galicia.

O desenvolvemento económico desta época supuxo movementos da poboación do campo cara ás áreas industriais co conseguente aumento e concentración de traballadores nestas zonas. O Sindicato Vertical, que agrupaba a obreiros e empresarios, era o único permitido. O órgano para canalizar as súas reivindicacións laborais nas grandes empresas era o xurado, que estaba formado por un presidente, que era o director da empresa, e por representantes dos traballadores.

Os sindicatos máis importantes da época da República, UGT e CNT, optaron polo boicot ás eleccións do Sindicato Vertical e traballar desde a clandestinidade. De forma distinta enfocou a loita sindical CC.OO., creada a principios dos anos 60 co impulso do PCE e coa importante participación da HOAC e da JOC. Partindo das reivindicacións laborais e aproveitando as poucas posibilidades que permitía a lexislación franquista, tratou de penetrar nas estruturas do réxime (por exemplo formando parte dos xurados de empresa), para crear un amplo movemento sociolaboral que permitise acadar as liberdades políticas e sindicais e poñer fin á ditadura. Esta oposición ao réxime, liderada polo PCE, comeza a chegar a todos os sectores da sociedade a comezos dos anos 70. Nesta época tamén comezan a ter certa presenza partidos galegos que unen nacionalismo e marxismo.

Nesta época a posición da Igrexa en Ferrol é singular en Galicia, só comparable á que tiña nalgunhas zonas de Madrid, Cataluña ou Euskadi. Moitos dos novos sacerdotes deixan de apoiar o réxime debido ao impacto do Concilio Vaticano II e a sentirse moi próximos ao movemento obreiro, pois parte deles, antes de entrar no Seminario, estiveron traballando de aprendices nos estaleiros. Neste grupo de sacerdotes, ao redor de 20, están Antón Martínez Aneiros, «Cuco» Ruiz de Cortázar, Xosé Chao Rego, Pepe Couce, Vicente Couce, Xaquín Campo Freire, Gabriel Vázquez Seijas, Anxo Ferreiro, Alfonso Gil (actual consiliario da IOAC-HOAC de Ferrol)... Para este grupo de sacerdotes poñerse ao lado dos máis febles era poñerse ao lado dos despedidos, dos obreiros en folga, dos represaliados políticos... Dáse unha colaboración entre

Igrexa, movemento obreiro e oposición franquista. Así, os párrocos dan acubillo a reunións clandestinas nos locais parroquiais e mesmo están de acordo nos encerros nas igrexas por parte dos obreiros. Prodúcese unha alianza tácita entre comunistas e católicos e comeza compatibilizarse ser crente e pertencer a CC.OO. Frecuentemente sacerdotes e laicos comprometidos son vixiados, detidos e sancionados.

3.- Antecedentes

No ano 1947 fundouse a Empresa Nacional Bazán (precursores da actual Navantia). A súa actividade orientábase cara á construción de barcos de guerra, petroleiros e mercantes de tipo medio. Dado o seu carácter de empresa estratéxica, os seus traballadores podían ser militarizados en caso de necesidade. Esta empresa posúe tres estaleiros: Cádiz, Cartaxena e Ferrol. Algúns economistas cren que se potenciaron a localización destes estaleiros en Andalucía e Galicia por estaren en zonas economicamente deprimidas, con excedente de man de obra que aseguraba uns salarios baixos. No ano 1972 o cadro de persoal da factoría de Ferrol era de 5.500 traballadores, case os mesmos que as factorías de Cádiz e Cartaxena xuntas.

A partir de 1962 prodúcense numerosos conflitos laborais. A cidade de Ferrol distinguiuse como un dos enclaves máis dinámicos na protesta laboral e os traballadores de Bazán constitúen un símbolo destas loitas. A finais dos anos 60 e principios dos 70 esta conflictividade agudízase e a represión aumenta. Como elemento significativo tanto do nivel de enfrontamento do movemento obreiro coa ditadura como da posición da Igrexa de Ferrol, cabe citar a «*Declaración cristiana ante los conflictos laborales de El Ferrol*», asinada no mes de outubro do 1970 por un grupo de sacerdotes que o réxime cualificou de «filomarxistas».

No ano 1971 celebráronse eleccións de representantes sindicais ao xurado de empresa. Destacados membros de CC.OO. (Rafael Pillado, Julio Aneiros, Paco Fernández Filgueira, Paco Balón...)

foran detidos e sancionados, polo que non podían ser representantes sindicais. A pesar diso na factoría de Ferrol CC.OO. acapారు practicamente todos os postos de representación sindical. Ter tal apoio dos traballadores permitiu a CC.OO. ter unha grande organización en Bazán Ferrol. En Cartaxena e Cádiz, onde non tiña implatación CC.OO., o resto de sindicatos de clase (clandestinos) optan pola abstención como forma de boicot ao Sindicato Vertical. Este boicot é secundado masivamente polos traballadores e, como consecuencia, os seus representantes nos xurados de cada unha das factorías foron designados pola propia empresa. A representación dos traballadores no xurado de Bazán a nivel estatal estaba composto por tres representantes por cada factoría, a pesar de que a de Ferrol era máis numerosa que as outras dúas.

O principal asunto que ten que abordar o xurado de Bazán é a do convenio colectivo. Os traballadores de Ferrol sufrían duras condicións de traballo: longas xornadas laborais, exposición ás inclemencias do tempo, os xornais (daquela non había soldo mensual) dos obreiros de menor cualificación dificilmente daban para chegar a fin de mes... Entre as súas reivindicacións, acordadas en asemblea, están un xornal de 400 pesetas diarias (45 € actuais) para os peóns, reducir a xornada a 42 horas semanais, xornal íntegro en caso de enfermidade, readmisión de todos os despedidos por motivos sociais ou políticos. Tendo en conta que estaban en minoría no xurado de empresa a nivel estatal e como paso previo para conseguir estas melloras nas súas condicións laborais, pedían que o convenio se asine a nivel provincial, non estatal. Outra das razóns para reivindicar o convenio provincial era que o seu poder adquisitivo era inferior aos das outras factorías, debido ás condicións climáticas e á carestía da vida en Ferrol.

4.- Os sucesos do 10 de marzo

Despois de semanas de protestas para conseguir o convenio provincial, o día 7 de marzo o xurado de empresa asina en Madrid o convenio colectivo interprovincial. Do lesivo que era este convenio para os traballadores nos dá idea o xornal establecido para

os peóns: entre 145 e 169² ptas. diarias (16 e 19 € actuais). O 8 de marzo os traballadores de Bazán Ferrol reunidos en asemblea rexeitaron o convenio e acordaron celebrar unha nova asemblea para o día seguinte.

O día 9, á entrada da empresa, os representantes sindicais José María Riobó, Manuel Amor Deus, José Díaz Montero, Ramiro Romero, José Miguel Rey e Alfonso Couce, todos eles de Comisiones Obreiras, atópanse que están despedidos e prohíbeselles o acceso á factoría. Ramiro Romero foi agredido polos gardas de seguridade ao negarse a asinar a notificación da sanción. Ao saberse o acontecido a totalidade dos traballadores fan un paro seguido dunha concentración para exixir a anulación dos despedimentos. O director falou cos traballadores sen achegar solucións. Os traballadores acordaron manterse concentrados ata que se atendesen as súas peticións. Ás tres da tarde a dirección da empresa ameazou co desaloxo policial. Diante da negativa dos traballadores ás cinco da tarde cargou a policía e péchase a factoría. Os enfrontamentos continuaron xa na cidade e escoitáronse os primeiros disparos da policía.

O día 10 a prensa informou do acontecido: do peche da empresa, das cargas policiais e dos disparos contra os traballadores. Á mañá xuntáronse os traballadores diante das portas, pechadas, de Bazán. Decidiron ir en manifestación ata o polígono de Caranza e alí xuntarse cos traballadores de Astano. Nesta manifestación participaban, como no resto de mobilizacións, compañeiros nosos da IOAC-HOAC de Ferrol, como Juan M. Martínez ou Juan Silva —xa falecido—, casado con Pili García. Ao paso pola Estrada de Castela coa Avenida das Pías a policía cargou contra os traballadores que responderon con pedras. A policía disparou contra eles. Dous traballadores, Amador Rei e Daniel Niebla, morreron e medio cento quedaron feridos. Non foi posible saber o número

2 Para estimar os ingresos mensuais hai que ter en conta que se traballaba os sábados e que, en épocas con carga de traballo, se podía incrementar o salario o 50 % ou máis, por horas extras e produtividade. Na conversión a euros fíxose unha aproximación tendo en conta o poder adquisitivo daquela época e da actual, utilizando datos do Instituto Nacional de Estadística.

exacto de feridos porque moitos deles non foron ao hospital por medo a ser detidos e curáronse en casas de amigos ou familiares. Ao saberse o que estaba a acontecer as empresas da zona comezaron a pechar en folga solidaria. O goberno cortou as comunicacións por terra e telefónicas da cidade. Como medida disuasoria para evitar a solidariedade dos traballadores de Astano un buque da Armada controlaba a ponte das Pías, que comunicaba este estaleiro coa cidade. Riobó e Ramiro Romero entrevistáronse co capitán da Zona Marítima para evitar a intervención da Armada. O exército permaneceu acuartelado. Ferrol é tomado pola Policía e a Garda Civil, reforzadas por unidades especiais. O paro foi total ata o 20 de marzo, día en que se continúa a actividade coa militarización de Bazán.

5.- Consecuencias

- Ademais dos traballadores mortos e feridos, houbo 160 despedidos, 101 detidos, 60 encarcerados e 54 multados con entre 50.000 e 250.000 ptas. (5.500 e 27.500 € actuais). Algúns dirixentes de CC.OO. fuxiron ao estranxeiro.
- O enterro das vítimas foi oficiado por Martínez Aneiros. Debido ás súas palabras é detido poucos días máis tarde e multado con 250.000 pts. Como non as pode pagar, ingresa no cárcere. Ao domingo seguinte aos sucesos, o bispo de Ferrol, Mons. Araujo, envía unha homilía a todas as parroquias posicionándose co movemento obreiro. Foi censurada nos medios de comunicación. Por primeira vez un bispo deslexitimaba publicamente a acción do goberno franquista.
- Os acontecementos tiveron tal alcance que apareceron nas portadas da prensa internacional (*Le Monde*, *The New York Times*...). A opinión pública de moitos países cuestionou as relacións dos seus gobernos co réxime de Franco.
- A solidariedade cos obreiros da Bazán estendeuse por Galicia con gran rapidez. Houbo paros e manifestacións en Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense e Compostela, onde tamén os estu-

dantes se uniron ás protestas. Estas mobilizacións mostraron o grao de conciencia de clase que existía no momento, máxime tendo en conta o nivel de represión. Varias entidades organizaron recadacións con destino ás familias dos afectados. A máis cuantiosa foi a de Cáritas: máis de 2.000.000 de ptas. (220.000 € de hoxe en día!). A maioría dos donativos proviñan de diferentes zonas de Galicia pero tamén os había doutros lugares do Estado e incluso do estranxeiro.

- O Tribunal de Orde Pública en Madrid procesou a 23 traballadores («Proceso dos 23»). O xuízo celebrouse en xullo de 1975. Na defensa dos acusados atópanse nomes que a todos nos resultan coñecidos: Cristina Almeida, Gregorio Peces Barba ou Manuela Carmena. As sentenzas máis duras foron de 7 anos de cadea para Pillado, Amor e Riobó. Non a cumpriron debido ao indulto promulgado co gallo do acceso ao trono de Juan Carlos I.
- Supuxo un revulsivo social, deu pulo ao nacemento dunha nova xeración de activistas políticos e sociais que ligaron as cuestións de clase e nacional galega.
- Todos os anos, o 10 de marzo, faise unha ofrenda floral no monumento aos mortos e feridos, erixido preto do lugar onde caeron Amador e Daniel.
- A petición de Comisións Obreiras, no ano 1997, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha declaración institucional onde facía constar o especial significado do 10 de marzo, celebrado polas principais organizacións sindicais do país como Día da Clase Obreira Galega. A efeméride acadou rango oficial en 2006.

... «E que os obreiros mortos no campo de honra do traballo e a loita descansan en paz».

Antón Pérez Vázquez
IOAC-HOAC de Galicia

SANTALLA LÓPEZ, M., *Ferrol: Los sucesos de marzo de 1972*, Fundación Luís Tilve, Santiago de Compostela, 1996

GÓMEZ ALÉN, J., SANTIDRIÁN ARIAS, V., *O 10 de marzo unha data na historia*, Noroeste-Fundación 10 de marzo, Santiago de Compostela, 1997

VV.AA., «Cuco Ruiz de Cortázar». *Una Voz para un Tiempo de Silencio*, Asociación de veciños «Cuco Ruiz de Cortázar», Ferrol, 2009